

**ROGO DE AER SOBRE A SITUACIÓN DE CONTEDORES DE LIXO E A FALTA DE VISIBILIDADE** (Rex.Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-10).

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

*Xa no pleno de setembro de 2014 AER realizara un rogo sobre a mala situación de numerosos contedores ao longo de todo o concello. Veciños e veciñas queixáranse de que os contedores do lixo estaban situados antes dos pasos de peóns, no sentido da marcha; dificultando así a visibilidade dos condutores e aumentando o perigo de atropelo dos viandantes.*

*Actualmente esta situación segue acontecendo en diversos puntos de Redondela. A modo de exemplo podemos citar un par deles na propia vila: o paso de peóns en Vilavella antes de chegar ao convento ou o paso de peóns que vai da Xunqueira á rúa Casto Sampedro.*

***Polo anterior, ROGAMOS que fagan as xestións necesarias para que os contedores do lixo se sitúen, no sentido da marcha, despois dos pasos de peóns, minimizando o risco para os peóns ao cruzar as estradas.***

Sen resposta